

MICROTOPONIMIA VIARIA NOS CONCELLOS DE AMES E VAL DO DUBRA

Rosa M^a Franco Maside

Gustárame pór de manifesto a miña satisfacción de colaborar neste congreso e agradecer a amabilidade das personas que me convidaron a participar nel.

Teño que recoñecer que eu non son lingüista. En certo modo chego aquí de casualidade e, aínda así, manifesto a miña admiración pola lingua, en concreto a galega e os seus diversos aspectos. Un deses aspectos da lingua de Galicia, a toponimia, mantén unha relación directa e concreta coa miña materia, a historia.

Esta investigación versa, como mantén o título, sobre a microtoponimia dun lugar acoutado, é dicir, dunha área determinada e concreta. Neste caso a microtoponimia de Ames e de Val do Dubra centrarán as páxinas deste breve percorrido pola xeografía galega.

Introdución

Intentaremos antes de nada contextualizar este traballo. A busca de microtoponimia viaria, é dicir aquela que fai alusión ós camiños, enmárcase dentro doutro proxecto de traballo máis amplo, que ten por obxecto o estudo da porción de vía romana *per loca marítima* que dende Bracara se dirixía a Asturica a través das provincias galegas de Po n t e vedra, A Coruña e Lu g o. O noso principal labor, dentro deste proceso, é tratar de fixar a situación exacta do camiño dentro da provincia da Coruña, e para iso temos que botar man de todos os recursos dispoñibles e examinar tódalas fontes posibles. Posto que non é a toponimia a única das fontes das que podemos beber, para intentar chegar ó coñecemento das vías romanas, ímolas expoñer brevemente.

Existen Fontes Clásicas, como o *Itinerario Antonino*, que nos informan de que catro vías romanas importantes atravesaban o territorio da Gallaecia. A misión destes camiños, de marcado carácter militar, era a de comunicar eficazmente as capitais dos tres conventos xurídicos que agrupaban os territorios galaico e astur e constituían a Gallaecia. As vías XVII, XVIII, XIX e a XX ou *per loca marítima* son as que aparecen, para este territorio, enumeradas no *Itinerario Antonino*.

Rosa M^a Franco Maside

Outra fonte importantísima para o estudo das vías romanas é a epigrafía, xa que a través das inscricións das pedras miliarias informábase ós transeúntes de cantas millas restaban á capital do convento xurídico. Normalmente insculpida a inscrición nun bloque cilíndrico de tamaño variable e base cuadrangular, foron teoricamente colocadas milla a milla ó longo dos principais camiños e o seu achado é utilizado para verificar a romanidade dun hipotético trazado. Desgrazadamente, as provincias da C o ruña e Lugo son deficitarias de miliarios debido a causas aínda non ben coñecidas.

A Toponimia revélase, cando se carece de miliarios, como fonte básica xunto co relevo e os ríos para o coñecemento dos camiños en Galicia, onde para beneficio do historiador cada recuncho de terra ten un nome, un dono e uns lindes. Moitos destes lindes son camiños, camiños locais ou importantes que quedan fixados na toponimia. O rexistro no catastro deste repartimento da terra e dos camiños que delimitan estas propiedades é suministrador dunha preciosa información. A data do Catastro de Rústica, consultado por nós para a elaboración deste traballo na Delegación de Facenda da Coruña, correspóndese coa dos anos 50 do século XX, e precede nunha década á época das grandes concentracións parcelarias dos anos 60, que desfiguraron a vella fisionomía rural galega e a súa rede camiñeira, coa conseguinte e inevitable perda e modernización dunha porción da toponimia preexistente.

Metodoloxía

A metodoloxía que se propón a continuación considera a microtoponimia como fonte complementaria que pode servir, unha vez peneirada, como axente de apoio dentro dun proxecto de trazado viario definido con anterioridade, dende un sistema de variables máis complexo.

Este método aplícase en varias fases:

1. **Definición do espazo.** Cando pretendemos determinar en que medida, de que modo e que vías romanas percorreron un territorio, o primeiro do que debemos ser conscientes é das características físicas e naturais do espazo que pretenden abranguer. Non é igual de doado efectuar un camiño na meseta que en Galicia, debido ós coñecidos condicionantes topográficos, a inagotábel rede fluvial, ó clima, á accidentalidade xeográfica de Galicia, etc.
2. **Debemos buscar**, unha vez definido o espazo, *as vías naturais de comunicación dese espazo*. Neste momento centrámonos na Galicia occidental e ó detérmonos nesa paisaxe, observamos como se configuran nas penichairas e nas divisorias de auga, así como en determinadas ribeiras fluviais, pasos naturais de tránsito, polos que se desplazaron antes que o propio home probablemente os animais, constituíndo os primeiros sendeiros.
3. Unha vez determinadas con precisión as canles naturais de tránsito dunha paisaxe, necesitamos doutras fontes alternativas que nos axuden a verificar a hipotéti-

Microtoponimia viaria nos concellos de Ames e Val do Dubra

ca romanidade atribuída a calquera camiño natural. Tanto as fontes arqueolóxicas coma a *epigrafía* son determinantes á hora de efectuar tal aseveración. Ante a inexplicable carencia de miliarios na provincia da Coruña, a localización de vilas rústicas, necrópoles ou aras romanas, sobre todo as dedicadas ós Lares Viales, son datos esenciais que nos informan da presenza dunha rede de camiños máis ou menos complexa segundo as áreas, pero verdadeiramente imprescindible para levar a cabo o modo de vida romano. A provincia da Coruña contén no seu haber tan só dous miliarios con epígrafe, situados na vila de Santa Comba e en Santiago de Vilaño (A Laracha). Unha vez deseñado un percorrido a longa distancia pasamos a unha segunda fase na que debemos reducir o noso campo de acción a pequena escala e é entón cando a toponimia se torna relevante.

Toponimia

Unha que vez que nos adentramos no mundo da toponimia debemos facer diversas distincións.

- a) Podemos extraer toponimia dun **mapa**. Existe cartografía do Instituto Xeográfico Nacional en distintas escalas que resultan moi útiles para este traballo.
- b) Outro tipo de **mapas** son os **antigos**. Hai que salientar neste grupo o de extraordinario valor para Galicia realizado por Domingo Fontán no ano 1865.
- c) Existe toponimia contida en **documentación medieval** que é útil para verificar a pervivencia dun camiño ó longo do tempo. Deste modo e a través destes documentos apreciamos se o camiño estaba en vixencia na Idade Media ou na Idade Moderna, ou en ambalas dúas épocas, visión que nos aproxima cara á importancia do vieiro. Por exemplo para esta área que estudamos coñecemos a existencia de diversos documentos que constatan a presenza dun tránsito de longo alcance e gran repercusión nos séculos XII, XVI e XVIII entre o Val da Amaía e o Val do Dubra.
- d) Existe, de todos modos, unha toponimia que non figura nos mapas. A toponimia miúda, a **microtoponimia**; son os nomes que reciben as leiras ou as paraxes que se ubican arredor das entidades rurais de poboamento, das aldeas. Son nomes coñecidos só polos veciños de cada parroquia e que contribúen a crear o saber propio e a conciencia de cada lugar. Diferencian cada propiedade rural cun nome para a súa correcta identificación respecto á leira veciña e así poder evitar posibles confusións. Son estes nomes de pequenas leiras os que nos interesan. Para achegarse ó estudo da microtoponimia dunha determinada área pódense empregar fundamentalmente dous métodos.

1. O primeiro é a pescuda directa no terreno. Trátase do labor previo dunha enquisa máis ou menos complexa coa que poder extraer do mundo labrego

Rosa M^a Franco Maside

galego todo ese potencial patrimonio toponímico. Con este método e este fin estase a realizar na actualidade o Proxecto Toponimia de Galicia.

Agora ben, se pensamos no obxectivo deste traballo, que é reconstruír a antiga rede viaria galega das comarcas de Ames e Val do Dubra podemos atoparnos, usando este método, con diversos problemas. O primeiro é que todas estas zonas que estudamos, situadas nas estribacións da depresión meridiana, son áreas fértiles e aptas para o cultivo e sometidas a concentración parcelaria, iniciada nos anos sesenta e aínda en práctica.

Este fenómeno intimamente ligado ó progreso do agro galego, é contrario ós intereses dos rastreadores de camiños antigos por dous motivos. Por unha banda pola perda de toponimia, xa que ó quedaren integradas nunha maior e única superficie leiras máis pequenas, o microtopónimo tende a perderse e a non figurar nas escrituras patrimoniais, polo que unha porción da mesma desaparece. O segundo motivo é que os camiños empedrados e aqueles que na antigüidade servían de axente comunicador entre rexións, altéranse, ben ó intégralos nos campos de cultivos, ben ó modificar o seu trazado para seren substituídos polas actuais «pistas» máis adecuadas para o tránsito da moderna maquinaria agrícola. A consecuencia deste proceso é que toda esa toponimia viaria que andamos buscando, non aparece, ou mellor dito desaparece.

2. Consideramos de maior relevancia para o estudo dos camiños antigos en Galicia o exame do Catastro de Rústica da Delegación de Facenda da Coruña realizado nos anos 50. Neste catastro puidemos comprobar, de primeira man, como se conserva a microtoponimia do momento da súa elaboración e observar que porción da mesma se perde ou se complementa, respecto ó catastro do ano 2000.

A microtoponimia

As persoas que se dedican ó estudo das vías romanas coñecen a importancia da toponimia como recurso para verificar a pequena escala o trazado dunha vía romana.

Jose Manuel Caamaño Gesto, no seu libro *As vías romanas* (Caamaño 1984, 40) sinala os diversos nomes con que adoitan ser designadas, segundo deduce da súa experiencia na vía XVIII, as vías romanas en Galicia.

Este autor salienta a frecuente utilización de termos como «Senda do Santo», «Camiño dos mouros», «Brea Vella» ou «Verea Vella» para nomear a estes camiños romanos. Tamén «Xeira» se utiliza, igual que «Camiño Vello», «Camiño dos Romanos», «Estrada» ou «Rúa Vella».

Toponimia como Rúa, Estrada, Real ou Lombos alude á mesma vía, e outra sinala xiros ou curvas no camiño, como: *Codos*, *Congostro*, *Couzada*, *Retorta*, *Rodeleira*, *Rodicio*, *Torno* e *Torneiros*. Os cruces viarios son denominados co topónimo Trives, en alusión o encontro de tres vías. As referencias a miliarios fanse a tra-

Microtoponimia viaria nos concellos de Ames e Val do Dubra

vés de topónimos como *Padróns*, *Padrós*, *Padrón*, *Pedrafita* e *Anta*, mentres que as alusións ás pontes adoitan ser realizadas a través de *Pontepedriña* e *Ponticela*. Para localizar mansións, parece que, o indicador máis frecuentemente usado é *Parada*, *Pousa*, *Pousada* ou *Sá*. Os pasos naturais de tránsito son denominados *Portelas*, *Portaxe*, *Porto*, *Portas*, *Porto Real*, *Porteleiro* ou *As Portas*. Por último, os obstáculos cos que se enfronta a vía poden ser sinalados a través de nomes como *Costa*, *Concha*, *Pena Tallada* ou *Trincheira*.

Unha vez exposta a toponimia que pode facer referencia ó paso dun camiño antigo imos comezar polo concello de Ames. Sinalamos en negriña os topónimos que consideramos indicadores de camiño, e deixamos en letra normal os que sen facer referencia a el son merecedores de reseñarse.

Concello de Ames

O Concello de Ames constitúe, xunto co concello de Brión, a terra da Maía ou Amaía, en realidade comarca de transición entre a terra alta de Santiago, situada ó oriente, e as rías de Muros e Noia. O río Tambre sérvelle de límite noroccidental e o separa da terra de Val do Dubra e da Barcala. Polo sur linda co concello de Brión

A exposición da toponimia será realizada seguindo unha dirección sur-norte.

Castrigo é o límite sur e punto de partida do noso percorrido a través destes dous concellos só separados polo río Tambre, situándose Val do Dubra ó norte e Ames ó sur deste río.

Castrigo é unha pequena entidade de poboación constituída onda un regato, o Tremo, e un camiño que está moi presente na aldea. Posúe tamén un pequeno castro que fai as veces de límite entre os concellos de Ames e Brión. A toponimia que encontramos nesta entidade de poboación é suxerente e di:

POL.158: **Castrigo**, **Tras do Tremo**.

POL.159: **Portela**, **Cabocastrigo**.

POL.157: **Portela**, **Castrigo**.

POL.156: **Tras do Castro**, **O Tremo**

POL.163: **Revolta**.

POL.164: **Agro de Antela**.

Se abandonamos esta poboación obxervaremos a inmediata desaparición do vello camiño –baixo o colexio público de Bertamiráns e unhas modernas instalacións deportivas– e a súa substitución por unha moderna pista. Tamén o paso da actual estrada Santiago-Negreira desfigura o contorno. Pero se atravesamos perpendicularmente esta estrada, axiña veremos carteis den irección a San Tomé de Ames. E chegaremos a Loureiros onde a microtoponimia volve suxerir a presenza dun hábitat castrexo.

POL.165: **Loureiros**, **Castrellón**, **Millarado**, **Alto de Nebrexe**.

POL.171: **Campo de San Xoán**, **Capela de San Xoán**, **Portela**.

Rosa M^a Franco Maside

A presenza de capelas as beiras dos camiños son síntomas a ter en conta á hora de estudar un camiño romano. A capela de San Xoán erguida a finais do século XVIII, é so unha das diversas que encontraremos ó longo deste percorrido duns doce kilómetros.

A moderna estrada pouco lembra os camiños que hai cen anos aínda existían. Pero nos vestixios e a toponimia aínda resoan. E chegamos a Pousada, pequeno lugar que precede a inmediata ponte de Augas Pesadas.

A secuencia toponímica desta área fálanos de paradas do camiño, de cruces de vías, de calzadas, de estradas... como así sucede en realidade. A toponimia di:

POL.133: **Pousada, Travesas, Augapesada, Lugar de Augapesada, Cruz de Bouzoa, Porto, Vieiro**

POL.104: Augapesada, Parrocha, Millareda, Travesa, Pontellas, Tallos de *Chave*, Cotón

POL.103: Pedras Picadas, Parrocheira, **Fonte Taberna**

POL.102: Castiñeiro do Lobo, Buratiñas, Revoltiña, Revolta de Devesa

POL.132: **Cruz de Aguas Pesadas**

POL.127: Brandariz, Muiño de Proupín, **Coquiño**, Tallo da Lebre, **Revoltiña**, **Brea**, (64D) **Carreira**, Grotá, **Calzadiña**, **Tallo da Portela**, Agra da Pedra

Como acabamos de ver, o camiño é denominado neste tramo como *brea*, *carreira*, *calzadiña* ou *vieiro*. Pero a nosa viaxe continúa e inmediatamente localizamos a que segue:

POL.105: **Revoltiña**, **Pousadiñas**, **Agra da Porta**, **Auriño torre**, **Camiñón**, **Pedreira**, **Revolta**, **Costa**, **Pazo de Antón**, **Augapesada**, **Camiño Real** ou «Costa do mar de ovellas», **Camiño do Outeiro** ou **Camiño Real**

POL.106: **Brañas de Abaixo do Camiño**, Rosa dos Chans, **Estrada** (63c)

POL.108: Destros, Suatorre, Rosa, **Portopago**, Cachapeira, Tras do Cotón

POL.113: Travesas, Canteira do Barreiro

POL.112: **Revoltiña**, Agro da Moa

POL.110: **Castro**, Parrocha, Rilleira

POL. 28: **Cotón de Cruz**, S. Camino de la carretera al **Santuario de San Amaro de Barouta**, o campo de Barouta

En toda esta serie podemos ver como existen diversas referencias á presenza dun camiño de certa categoría que se lle denomina *estrada* ou *camiño real* e fáise referencia a el cando se di *Costa do mar de ovellas*.

Tamén neste sector á beira do camiño existe unha capela de moi similares características á de Xan Xoanciño, que deixamos atrás. Nesta capela do século XVIII apareceron recentemente dúas aras romanas anepígrafes, que sostíñan unha grande lousa de granito que servía de banco no mesmo átrio. A capela está adicada a San Amaro, santo pelegrín e vinculado ós camiños. Conta este conxunto arquitectónico con un cruceiro de capela do século XVIII adicado á virxe, máis no fuste que a sostén apenas se percibe insculpido un San Roque. Estes cruceiros de capela pouco

Microtoponimia viaria nos concellos de Ames e Val do Dubra

abondosos e ó mesmo típicos dos camiños galegos aparecen estreitamente vinculados, igoal que os petos de ánimas, ós camiños.

A continuación encontramos máis toponimia significativa á este respecto como:
POL. 29.

N. **Camiño vello que da carretera Roxos-Portomouro conduce ó lugar de Pedrouzos, chamado tamén «A Corredoira dos Difuntos».**

E. Camino chamado «dos pazos de Pedrozos».

S. Camiño da carretera a Pedrouzos.

O. Carretera Rojos-Portomouro

POL. 27: Carballo de Lobo, Chan de Namela, Milleira de Lamas

Máis adiante a toponimia ofrece os seguintes datos:

POL. 67: **Portela** de Devesa, Sobre as Pedriñas, Devesa do Rei, Balibón, Pedra Viñeira, Fonte Costelo, **Portoraxo**, Laxe, **Revolta**, Gamalleira, Pozo da Máquina, Pozo dos Calexóns, Agro dos Calexóns, Pozo das Travesillas, Travesas, Agualevada, Balibón, **Revoltiña**, Portela do río, Pedrouzo

POL. 24: Oreiriña, Fonte Inferno

N. Carretera Tapia-Pontenova.

E. Carretera rojos Portomouro.

S. **camión vello** que da carretera Roxos-Portomouro vai á Mámoa.

O. El mismo camino que pasa por la Mamoa y sale de la carretera que va de Tapia a Pontenova.

POL. 22: **Padriños.**

POL.76: Chan do moño, **PORTOCARREIRO.**

En Portocarreiro contamos con documentación do século XVII que complementa a nosa visión do entorno ó asegurar este pleito entre veciños de 1626.

1626. Pleito entre los vecinos de Santo Tomás de Ames y San Mamede de Piñeiro, por obstrucción y cierre del camino Real que transcurre entre los dichos lugares . A.R.G, R.A, e A.T, serie «veciños», UI 18282/ 19:

...por el camino de la dehesa de San Mamede que viene de Portocarreiro... el cual camino es público y real, y aunque el dicho Andrés Prego confiesa haber hecho, dice dejar libre el camino, por palabra... (fol. 37v).

O pleito continúa e engade:

el cual camino es francés y común para todas las personas y camineros que vienen para la dicha ciudad de Santiago, así como para la villa del Padrón y otras partes (fol. 31r).

Rosa M^a Franco Maside

E tamén:

el cual camino es público y real, ...abierto y libre (fol. 37 r. e 43v.)

E continuamos cara ó norte para chegar ó río Tambre, onde remata o concello de Ames e comeza o do Val do Dubra. A toponimia que aparece neste pequeno tramo é:

POL. 25. **Mamoa, Taberana**, Corgo da **Brea**, Pedra Escorela, Oural, Cruz, Nordes, Carballo de Lobo.

POL. 20: **Costa da Braña, Carril**.

POL.18: **Forcada, Forcadas**.

POL. 11: **Revolta**

Concello do Val Do Dubra.

O Concello do Val do Dubra encóntrase situado na rexión occidental de A Coruña entre as terras de Santiago ó sureste; o concello de Trazo, ó levante; o de Tordoia ó norte, Santa Comba e A Baña ó poñente; e Ames ó sur. O río Tambre é o delimitador meridional. Esténdese sobre unha superficie de 108 km², que representa o 1,3% da provincia e o 0,3 % de Galicia.

O noso percorrido vai ser, igual que no concello anterior, dirección sur-norte. No momento de comezar encontrámonos en Entrepontes. Entrepontes é en realidade un pequeno núcleo poboacional, que comprende o hábitat que se estende dende a Ponte de Portomouro, que salva o río Tambre, e a ponte pequena que salva o río Dubra, afluente do primeiro, co cal se xunta nesta localidade.

Sabemos pola documentación medieval que a ponte de Portomouro existía xa en 1380. Recollido por Ferreira Priegue no seu libro os camiños medievais o documento di:

huua casa de taberna questa aa ponte de Porto Mouro (ACS. Tumbo de Tablas. 2. fol. CXXI vº.; FERREIRA PRIEGUE: 1988, 136)

Existe documentación de finais do XVI que nos informa do mal estado dunha ponte antiga no mesmo lugar, que está a piques de se esborroar.

1592- Los vecinos del Xallas y de Dubra con las provincias de este reino sobre el edificio y refiapo de la puente Portomouro (A.R.G, R.A, e A.T, serie «Veciños», UI 26363/ 46: fols. 8v e 14r):

...para se hacer e redificar la dicha puente es muy nescesario se haga repar-timiento del dinero, que para ello sea menester, entre los concejos de las pro- vincias que recaben aprovechamiento de la dicha puente, que son la çib- dad de Santiago y toda su provincia, donde están los concejos de la dicha tierra del Xallas, Soneira, y Bergantiños y toda la dicha provincia de

Microtoponimia viaria nos concellos de Ames e Val do Dubra

Santiago, y la çibdad de Ourense e Tui...(...) esta puente es mui nesçesaria por estar en buen sitio, e cómodo, y paso por donde van y vienen de los puertos de Laxe, Muxía Camariñas, Corme, Malpica e Corcubión...para los puertos de Castilla, en especial pescado e bestias mulares para las ferias de la Bañeza, Medina del Campo e de Río Seco, Benavente e Astorga.¹

Podemos comprobar a partir do texto a importancia da ponte e do camiño que sustenta. Un camiño capaz de conectar Tui e Astorga e á súa vez todos os portos marítimos da provincia de A Coruña.

A toponimia localizada é a seguinte:

POL. 69: **Camiño de Sobreponte a Portomouro. Entrepones, Portomouro, Pontes, Sesta, Cebei**

POL. 44: San Pedro de Vilariño, **Francés, o cubo**, Peché da Laxe

POL. 41:

N. Camiño a rebordelos

E. Camiño de Buxán a Portomouro

S. camiño de Canizo a Vilariño

O. Camiño de Canizo a Rebordelos

Reboredo, Vilariño, **Padrón, Camiño** do Muiño, Regueiro, Sidrón, Costa, **Porto uper Miño, Portomiojo, Revolta, Revolta das Pedras, Agra de Padrón, Vieiro, Otavares, Otoras, Otobans, Breoso, Vieiro, Padrón, Porto, Potamio, Pandeiro, San Luís, Padreira, Cruz, San Lois.**

POL. 40: **Padrón**, Quintans, Mantelo, Salgueiro, Raposa, Cruíña

POL. 38: Buxán, **A Revolta, Barreiros do Porto, Campo das Breas**, Chousa da Torre, Noval...

Observamos, a través da análise da microtoponimia, que nada máis cruzar o río Tambre, e contrariamente ó que sucede actualmente, o camiño antigo non seguía o curso do río Dubra ata o alto de Anxeríz, senón que máis ben ascendía pola banda oriental do val, ata se situar aproximadamente á altura das fontes dos regos que nutren o río Dubra. A primeira parroquia pola que pasa é San Cristovo de Portomouro, nome que nos fala dun santo protector dos camiñantes. En Portomouro encontramos tamén un hábitat castrexo. A Continuación o camiño segue cara a San Pedro de Vilariño e Santiago de Buxán.

Un documento do século XII proporciónanos máis información acerca da existencia dunha vía pública, así como dunha pública vereda en Santiago de Buxán. Que di:

1134. Límites de Santiago de Buxán:

unius lapis fixus in illa mamula deinde super montem (...) dividit **Sanctum Petri de Avenza de Busián (Buxán) in illa pública vía.** Item alium lapis fixus est super Fontanum Siccum similiter in illa **pública vereda** quod extremat...Item alium lapidem defigi mandavimus in medio itínere quod separat inter Buxiani et Nevarium [Niveiro]. (AHN, S. Martín P. 512/ 12; en Ferreira: 1988,135).

Rosa M^a Franco Maside

A través da documentación medieval corrobóramos a existencia dun camiño público importante por estas paraxes. Pero a toponimia continúa:

POL. 32: O Tremo, **Pontellas**, Pedras.

POL. 25: 2000. **Agro da Pontella, Agro da sua Costa, Porto do Medio, Quenllo.**

Anos 50. **Carral**, Pedrouziños dos Cantos, Coruña dos cantos

POL. 24: Topon, 2000: Niveiro, Agro dos **Castelos, Castelos do Pino Gordo, Calzada de Tilleira, Camiño de Castelos**

Anos 50: Nariño, Niveiro, Pausado, Bimieiro, **Vella, Louseira, Sua Franco, Muros, Pedramúa, Pedrosa, Portoquinde, Sobrecarreira, Carreiro, Cobelo, Porto, Quinta, Viernes, Patiño, Castelos, Cagallosa, Cruces**

POL. 23: Niveiro, **Camiño Real a Silva Redonda, Camiño Real a los Pasos, Niveiro, Fonte foxo, A los pasos, Costa da tilleira, Porto do medio, Loguedos, Farraca, Padelo, A Escoriguera. Revolta, Pista de castelo, Costa da Tilleira, Camiño**

POL. 21 b: Rocha, Nariño, Agro da Rosa, Niveiro, **Coto do Castro, Petite, Tallo do Mato, Sua Rúa, Mailarios, Revolta, Camiño, Pedreiriño, Pasos.**

Neste punto chegamos a San Cristovo de Erviñou. Novamente encontramos unha advocación a un santo camiñeiro para nomear unha parroquia. O camiño neste tramo é denominado Camiño Real, Rúa ou Camiño.

Polígono nº 22

Anos 50. San Cristóbo, Niveiro, Pedra Gallada, **Portavilar, Portovías, Espiño Coxo, Portomijo, Chan, Barreiros, Pedra Gallada, Telleira, Castelo, Pedrouzos, Cotón, Fiaitosa, Agua levada a los Pasos, Revolta, Monte da Revolta, Camiño de San antonio a Silva Redonda y Monte revolta**

POL. 20: Ano 2001. Bellota, **Campo Cruz Vella, Cruz Vella do Porto, Pouso, Pedra Blanca, Xunto por Cruz Vella.** anos 50. Gallo de Uceira, cotón Mesedoiro, Devesa, Cova Espiño, **Cruz Vella, Portovello, Pazos dos Pasos.**

POL. 18: **Chousa do porto, Pedra das Quintas, Pedras Brancas, Pedravante, Trión cativo.**

E chegamos a Abelenda onde remata o noso traballo. É ahí onde a toponimia acada máis relevancia o se facer referencia directa ó camiño que conecta directamente a área máis septentrional de Val do Dubra coa Maía, de onde partimos:

POL.19: **Revolta, Camiño de Amaía, Camiño de revolta, Camiño Real, Campán de Revolta, Carril de Revolta, Chousa de Camiño, Porto Cravo, Revolta, Sua revolta, Ante a Brea, Revolta do Nó, Porto Cravo.**

Microtoponimia viaria nos concellos de Ames e Val do Dubra

Existe documentación medieval do primeiro terzo do século XII para este mesmo lugar bastante expresiva, que non deixa lugar a dúbidas do alcance e repercusión do vieiro en cuestión:

1122. Delimitación do Coto de San Ciprián de Colis, actual Vilabade: *super Avellaneda* [Abelenda], *et per viam publicam de Bergantinis usque transversam de Rovordelio, ... et per ipsam veredam que venit de Sancto Iacobo et ferit in illam viam antiquam que vadit per totas terras*. (Archivo Reino de Galicia, en Col. Dipl. Galicia Histórica; cit por Ferreira, 1988:134).

Conclusión

A toponimia é considerada como fonte necesaria para a consecución dun completo estudo viario romano. A utilización da microtoponimia anterior ós anos 60 do século XX preséntase como se amosa neste traballo, como reveladora e imprescindible para o estudo dos camiños antigos en Galicia.

Cando un camiño antigo discorre por unha paisaxe, deixa certos sinais na mesma. A forma dos muros que lindan co camiño, as árbores que o delimitan, as capelas que o santifican, os cruceiros que o acompañan, os castros e costoiás que o outean: debuxan un ronsel que nos serve de guía. Debemos observar ademais a antigüidade das advocacións das sés parroquiais e comprobar se estas fan referencia a santos camiñeiros ou se xorden ás beiras do camiño.

Estas evidencias «paisaxísticas» deben ser conxugadas ademais coas epigráficas e arqueolóxicas, comprobando como se sitúan os achados romanos, se os houbese. Así, a aparición de necrópoles, aras votivas adicadas ós *Lares Viales* ou estelas funerarias ás beiras do camiño, son síntomas de presenza romana e fundamentan a romanidade dese vieiro. Se complementamos toda esta información visual coa que nos proporciona a microtoponimia, esa paisaxe imprégñase dun maior sentido, dende o momento en que lle podemos dar nome a cada unha das paraxes polas que pasa o camiño e comprobar exactamente, grazas á cartografía de pequena escala, como se salva a orografía dun territorio. Unha vez que todas estas variables foron conxugadas é cando nos encontramos nunha situación óptima para realizar un completo estudo viario, dunha área concreta ou dunha superficie determinada.

Rosa M^a Franco Maside

Táboa
Principais microtopónimos asociados ás vías romanas localizados
nos concellos de Ames e Val do Dubra

Vía		Miliarios		Mansión		Encrucilladas		Curvas	
Antiga	0	Anta	3	Paradoiro	0	Cruz	9	Revolta	20
Brea	4	Antiñas	1	Parada	0	Travesía	8	Torna	0
Calzada	2	Amilladoiro	2	Mesón	0	Cruceiro	6	Retorta	0
Camíño	20	Chantada	0	Meixón	0	Empalme	0	Cóbados	0
Camíño Real	6	Pasos	6	Pousada	1	Encrucillada	0	Cubo	0
C. Franco	1	Padrón	3	Taberna	2			Cubote	0
C. Arrieiros	0			Sa	0				
C. da Raiña	0							Outros:	
C. de San Antonio	1							Vieiro/a	3
Carreira	0							Arrieiros	0
Ferrada	1							Costa	7
Real	0							Carros	4
Vía	1							Francés	2
Vella	0							Quenllo	1
Verea	0							Millerada	3
Xeira	0							Milleira	3
								Padrón	2
								Porta	2
								Porto	22

Microtoponimia viaria nos concellos de Ames e Val do Dubra

BIBLIOGRAFÍA

Caamaño Gesto, X. M. (1984): *As vías romanas*. Cadernos do Pobo Galego, nº 3, Museo de Pobo Galego, Santiago.

Casado / Franco (1997): «O balneario romano de Carballo segundo as fontes do Arquivo do Reino de Galicia. Unha excavación arqueolóxica no século XVIII». *Gallaecia* 17.

Ferreira Priegue, E.(1988): *Los caminos medievales en Galicia*. *Boletín Auriense*, anexo nº 9.

NOTAS

Casado / Franco (1997: 277).